

Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: Aprobación de Bases Reguladoras do Campamento MOCI-CAMPA (Verán 2025)

EXPEDIENTE: 2025/D002/000011

EXPEDIENTE DECRETO: 2025/G003/000243

Vista a proposta asinada dixitalmente en data 26 de maio de 2025

“PROPOSTA DE DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: CREACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA MOCI-CAMPA VERÁN 2025.

EXPEDIENTE Tedec: 2025/D002/000011

BASES REGULADORAS DO PROGRAMA MOCI-CAMPA (VERÁN 2025)

OBXECTO:

Para ofrecer a os mozos e mozas de Carral un ocio alternativo e para facilitar a conciliación da vida familiar e laboral dos veciños e veciñas de Carral, desde a administración local, ofertase o campamento MOCI-CAMPA durante a tempada de vacacións escolares.


Para iso dende o 23 de xuño ó 1 de agosto de 2025, o Concello de Carral, ponse en marcha o programa de campamentos urbanos de verán, destinado á nenos e nenas de Carral que estean cursando Educación Secundaria, tendo preferencia de inscrición aqueles rapaces e rapazas empadroados no Concello de Carral ou inscritos nalgún dos centros educativos do municipio.

Estas bases teñen por obxecto regular a convocatoria pública para a participación neste programa.

HORARIO E LUGAR DOS CAMPAMENTOS.

- As datas nas que se levará a cabo este programa serán durante o período escolar non lectivo das vacacións de Verán, do 23 de xuño ó 1 de agosto de 2025.
- O horario (luns a venres, excepto festivos) será de 10:30 a 13:30 h. Cada semana farase unha excursión, día

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

no que o horario será de 9:30 a 14:30 h.


• A actividade MOCI-CAMPA desenvolverase no Local Interxeracional e na pista anexa a esta instalación, aínda que tamén poderán facer uso de zonas axardinadas do Concello, como a area recreativa da Brexa, ou a piscina municipal. Ademais realizarase a actividade noutras zonas fora do concello cando se fagan excursións.

DESTINATARIOS: Idades e grupos

- Para nenos/as de Educación Secundaria e dicir os nados entre o ano 2009 ó 2013.
- Para formalizar a inscrición é preciso que o interesado/a non teña débedas co Concello de Carral.
- Este campamento dividirase en quendas/semanas atendendo ao número de inscritos:
 - 1ª semana: do 23 ao 27 de xuño (30 prazas)
 - 2ª semana: do 30 de xuño ao 4 de xullo (30 prazas)
 - 3ª semana: do 7 ao 11 de xullo (30 prazas)
 - 4ª semana: do 14 ao 18 de xullo (30 prazas)
 - 5ª semana: do 21 ao 24 de xullo (30 prazas)
 - 6ª semana: do 28 de xullo ao 1 de agosto (30 prazas)
- As prazas son limitadas e adxudicaranse por rigorosa orde de inscrición.
- O concello fará unha reserva de prazas dun 10% para nenos/as con NEAE, con NEE con autonomía persoal ou en risco de exclusión social, para participar nas diversas actividades propostas en cada campamento, previa valoración polo equipo técnico municipal competente.

PREZOS: Cotas e xeito de pagamento.

- Segundo o acordo regulador nº 1 do prezos por actividades deportivas, culturais, xuvenís e socio educativas do Concello de Carral (Epígrafe 5: Actividades durante as vacacións escolares e outras actividades), o prezo do campamento urbano será de 30 €/semana.
- Os importes aboados **NON SE DEVOLVERÁN AGÁS CAUSAS DEBIDAMENTE XUSTIFICADAS.**
- **O PAGO REALIZARASE CANDO SE LLE COMUNIQUE OS REPRESENTANTES DO/A INTERESADO/A POR PARTE DO DEPARTAMENTO DE XUVENTUDE** do Concello de Carral a través de chamada telefónica ou de correo electrónico.
- Se o interesado/a non aboa a cantidade correspondente a semana anterior á semana na que está anotado/a, perderá o dereito á praza recaendo esta na seguinte persoa na lista de agarda.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

- Formas de pago:

- o Mediante transferencia bancaria (ES21 2100 5781 3102 0000 1826), para o cal será IMPRESCINDIBLE enviar o resgardo de ingreso ao correo electrónico omix@carral.es.

- o Con Tarxeta bancaria nas dependencias da Casa da Cultura.

- Condicións de pago: O pago de cada semana elixida deberase realizar nas datas e xeitos indicados.

INSCRICIÓN: Prazos e procedementos.

- Para formalizar a inscrición é preciso que o interesado/a non teña débedas co Concello de Carral.
- O prazo de inscrición estará aberto entre as 16:30 h do 4 de xuño ata as 19:30 h do 11 de xuño de 2025.
- As prazas son limitadas e adxudicaranse por rigorosa orde de inscrición e de acordo aos criterios sinalados anteriormente.
- As inscricións para todos estes prazos poderanse tramitar dos seguintes xeitos:
 - o A través da sede electrónica no enlace:
https://sede.carral.es/sxc/es/procedimientosytramites/index.html#actividades_culturales_deportivas
 - o Presencialmente, no Rexistro Municipal do Concello (Casa Consistorial), cubrindo e entregando o formulario de inscrición.

** NON SE ADMITIRÁN INSCRICIÓNs POR OUTROS MEDIOS QUE OS INDICADOS.*


*** Os impresos de inscrición, poderase recoller nas dependencias municipais ou descargar da páxina <https://carral.es/>.*

- As prazas (de actividades/grupos) son limitadas e asignaranse por rigorosa orde de inscrición. unha vez cubertas as prazas da actividade, crearanse listaxes de espera.

** Reservaranse un 10% das prazas para nenos/as con NEAE (necesidades específicas de apoio educativo, como por exemplo TDAH), con NEE con autonomía persoal (HVD: habilidades para a vida diaria), ou en risco de exclusión social.*

- Teñen preferencia aqueles nenos e nenas empadroados no Concello de Carral ou aqueles nenos/as que acoden aos Centros Educativos públicos da localidade.
- No caso de existir coincidencia na data e hora no rexistro da solicitude de inscrición de dous ou máis interesados/as para a última praza dunha actividade ou grupo, terán preferencia os empadroados en Carral e de seguir o empate, a praza asignarase mediante SORTEO PÚBLICO.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

- Non se permite a cesión a terceiras persoas da praza asignada.
- Para formalizar a inscrición é preciso que o interesado/a NON TEÑA DÉBEDAS co Concello de Carral.

COMUNICACIÓN ÓS/ÁS INTERESADOS/AS

- O 12 de xuño de 2025 comunicáraselle ós/ás interesados/as a súa obtención ou non da praza na semana/s nas que se anotaran.

SEGUROS

- Todos os nenos/as participantes estarán cubertos por un seguro médico de accidentes.

BAIXA DAS ACTIVIDADES: Prazos e procedementos

- Para darse de baixa voluntariamente da actividade no seu conxunto ou algunha das quendas, será preciso cubrir e asinar o formulario disposto para tal fin no Rexistro Municipal. Este impreso pódese recoller nas dependencias municipais ou descargar da páxina <https://carral.es/>.
- Se o interesado/a non aboa a cantidade correspondente ás semanas que elixa dentro do prazo marcado, perderá o dereito á praza recaendo esta na seguinte persoa na lista de agarda.
- As cotas aboadas NON SE DEVOLVERÁN AGÁS CAUSAS DEBIDAMENTE XUSTIFICADAS.

MÁIS INFORMACIÓN

Local Interxeracional (r/ Alcalde Juan Seijas, nº 8, baixo). Tlfn. 674.793.475 ou en omix@carral.es

ANEXO I

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

INSCRICIÓN-AUTORIZACIÓN MATERNO/PATERNA

D./Dña: _____, con DNI _____ e
tfn. _____ (pai/nai/titor/a) do menor _____,
nado/a o ____/____/____ con domicilio en _____,
autorizo/a a participar no "MOCI-CAMPA VERÁN 2025" organizado pola OMIX de Carral e participar nas
actividades que nel se realicen.

Semanas: (marcas unha ou varias)

☐ Do 23 ó 27 xuño	☐ Do 30 xuño ó 4 de xullo	☐ Do 7 ó 11 de xullo
☐ Do 14 ó 18 de xullo	☐ Do 21 ó 24 de xullo	☐ Do 28 xullo ó 1 de agosto

Permito que o meu fillo/a poda ser fotografado ou gravado, e que esas imaxes e gravacións poidan ser publicadas polo departamento de Xuventude do Concello de Carral.

☐ Si permito ☐ Non permito

Permito que o meu fillo/a poida irse so/a unha vez rematada a actividade.

☐ Si permito ☐ Non permito

PAGO 30 € por semana. **Non pagar ata a confirmación da praza**

CONTA BANCARIA CONCELLO: ES21-2100-5781-3102-0000-1826 (CAIXABANK)

Enviar o xustificante de pago ó mail omix@carral.es, whatsapp 674.793.475 ou na OMIX (Local Interxeracional)

POLÍTICA DE PROTECCIÓN DE DATOS E NORMAS PARA A/O PARTICIPANTE NAS ACTIVIDADES


- De acordo co disposto na normativa vixente en materia de Protección de Datos de Carácter Persoal, informámolo/a de que os datos facilitados por vostede, serán tratados polo Concello de Carral, coa finalidade de poder atender a súa solicitude, neste caso, a actividade en cuestión. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos, nos casos contemplados na Lei. Comunicámoste que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ó tratamento e portabilidade dos seus datos, solicitándoo, ben a través del correo electrónico a omix@carral.es, ou directamente, no Local Interxeracional do Concello de Carral.
- Na actividade débese ter un comportamento axeitado, atender, respectar e aceptar as indicacións dos responsables da actividade (persoal municipal, persoal técnico, organización, monitores), que non perturbe os dereitos do resto dos participante, nin cause danos a bens alleos e o entorno.
- É unha actividade organizada, polo que hai normas e responsables. Poderías ter que realizar tarefas de apoio e servizo ó grupo e á organización. Colabora se cho piden para un mellor funcionamento da actividade.
- Adecúa a vestimenta e a equipamento á actividade na que vas a participar.
- A participación no actividade supón a aceptación das presentes normas. O non cumprimento das mesmas podería supoñer a (auto)expulsión da actividade ou a participación en futuras actividades da Concellería de Xuventude.
- O asinante declara ter lido, acepta e comprométese a cumprir as condicións de inscrición e participación na actividade.

En Carral, a ____ de ____ de 2025.

Asinado: _____

ANEXO II

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

SOLICITUDE DE BAIXA MOCÍ-CAMPA

Nome do alumno/a:

Nome do pai/nai/titor-a legal:


Campamento ou semanas/quendas nos que desexa causar baixa:

Motivo e data efectiva da baixa

Sinatura:

Data:

“



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Á vista do devandito informe proposta (que serve de motivación deste acto, de acordo co establecido no artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas) en uso das facultades outorgadas legalmente en aplicación do disposto no artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril de Bases do Réxime local polo presente **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar as bases reguladoras do programa de campamentos moci-campa 2025 sinaladas na proposta dos considerandos.

SEGUNDO.- Publicar no taboleiro de anuncios do concello.

TERCEIRO.- Designar como instructor ao animador cultural.

Concello de Carral, na data de sinatura electrónica que figura á marxe

O Alcalde
Asdo.- Francisco Javier Gestal Pose

A Secretaria
Rebeca Vázquez Vázquez